

## CIRCULAR

## RECOLLIDA DE NADAL

Ola a todos e todas! Como xa é tradición en Atios, achégase o Nadal e non queremos esquecer aos veciños e veciñas máis desfavorecidos do noso concello, así que poñemos en marcha A NOSA CAMPAÑA DE RECOLLIDA DE NADAL que levamos a cabo en colaboración con Cáritas. Este ano a campaña vai estar centrada na recollida de produtos de hixiene e limpeza, así que, se queredes colaborar, non tedes máis que botar un ollo a esta lista que incluimos a continuación e mandar os produtos ao cole polos vosos fillos e fillas. As caixas de recollida estarán colocadas na entrada principal do centro, alí serán depositados todos os produtos que doedes nesta campaña; xa de antemán queremos agradecervos de corazón calquera achega que fagades.

- 4º E.I.: Baetas e panos de cociña.
- 5º E.I.: Estropallos.
- 6º E.I.: Panos de mesa.
- 1º E.P.: Pasta de dentes.
- 2º E.P.: Panos de mesa
- 3º E.P.: Papel hixiénico.
- 4º E.P.: Xabón (tocador).
- 5º E.P.: Xampú.
- 6º E.P.: Xel de baño.
- 1º E.S.O.: Limpador do chan.
- 2º E.S.O.: Produtos para lavar a louza.
- 3º E.S.O.: Deterxente.
- 4º E.S.O.: Suavizante.
- Profesorado e persoal non docente: Xel de baño, compresas...